

1 TRILLAZO



18

Setembro
2022

Inscripcións:

www.carreirasgalegas.com
serviciosdeportivostrazo@gmail.com

SUB 6
200m
11:45 h

SUB 8
400m
12:00h

SUB 10	SUB 12
1,2km	
12:15 h	


SUB 14	SUB 16	SUB 18
2,6km		
12:30h		

SUB 20	SUB 23	SENIOR	M 1	M 2	M 3	M 4
4,8km						
11:00 h						

Saída e Chegada: Pavillón Municipal de Trazo

1 Trillazo

18 Setembro 2022



VIII
Circuito de carreiras
**Deputación
DA CORUÑA**



REGULAMENTO DA PROBA

O Concello de Trazo, dentro do VIII Circuito de Carreiras e baixo a o control da Federación Galega de Atletismo, celebra o I Trillazo. Contará co protocolo anti-COVID19 (FISI-COVID-DXT GALEGO). As probas estarán sometidas ó seguinte regulamento.

⊕ LUGAR DAS SAÍDAS E CHEGADAS

Nas inmediacións do Pavillón Municipal do Concello de Trazo en Viaño Pequeno.

<https://www.google.com/maps/place/15687+Via%C3%B1o+Pequeno,+La+Coru%C3%B1a/@43.0260187,-8.5180601,375m/data=!3m1!1e3!4m5!3m4!1s0xd2ef79724b2faeb:0x7813e7ca74c831d8!8m2!3d43.0255486!4d-8.5179965>

⊕ CATEGORÍAS DOS/DAS PARTICIPANTES

Todos os participantes deberán colocarse na liña de SAIDA 5 minutos antes do inicio de cada proba.

CATEGORÍA	ANOS DE NACIMENTO
Sub 6 (M/F)	2018 e 2017
Sub 8 (M/F)	2017 e 2015
Sub 10 (M/F)	2014 e 2013
Sub 12 (M/F)	2012 e 2011
Sub 14 (M/F)	2010 e 2009
Sub 16 (M/F)	2008 e 2007
Sub 18 (M/F)	2006 e 2005
Sub 20 (M/F)	2004 e 2003
Sub 23 (M/F)	2002-2001-2000
Senior (M/F)	1999-1988
Master 1 (M/F)	1987-1982
Master 2 (M/F)	1981-1972
Master 3 (M/F)	1971-1962
Master 4 (M/F)	1961 e anteriores

⊕ HORARIOS

CATEGORÍA	HORAS	DISTANCIA
Sub 20	11:00h	3 Millas/4,8km
Sub 23		
Senior		
Master 1		
Master 2		
Master 3		
Master 4		
Sub 6	11:45h	200m
Sub 8	12:00h	400m
Sub 10	12:15h	1,2Km
Sub 12		
Sub 14		
Sub 16	12:30h	2,6Km
Sub 18		

A partir das 9:00h abrirase a Secretaría da proba para retirar o dorsal.

Ata ½ hora antes do comezo da correspondente carreira.

- Percorrido 1,2km: as indicacións da ruta estarán co fondo **vermello**.
- Percorrido 2,6km: as indicacións da ruta estarán co fondo **verde**.
- Percorrido Trillazo 4,8km: as indicacións da ruta estarán co fondo **branco**.

⊕ INSCRICIÓNS

As inscricións na proba serán gratuítas para todas as categorías, federados/as e non federados/as. Non hai límite de participantes.

A data límite de inscrición será o xoves 15 de Setembro de 2022 ás 23:59h.

Lugar	Datos a aportar	
www.carreirasgalegas.com	Nome e apelidos Home/muller Data de nacemento NIF	Telefono e-mail Federado/a-- si/non
serviciosdeportivostrazo@gmail.com		
Pavillón Municipal Trazo		
Telf: 682902185		

⊕ CONTROL DE CHEGADA

Ó cronometraxe correrá a cargo da Federación Galega de Atletismo. Tódolos/as participantes da proba deberán levar **en todo momento** o dorsal facilitado pola Organización, nun lugar visible (parte anterior do corpo) non podendo ser recortado, dobrado nin modificado. Ó incumprimento carrexará a descualificación do/da corredor/a.

Tódalas reclamacións deberán realizarse verbalmente ao Xuíz Árbitro, non máis tarde de 30 minutos despois de publicados os resultados oficiais.

Ó longo do percorrido, a organización establecerá os controis que estime oportunos.

⊕ PARTICIPACIÓN

Os/as participantes deberán respectar o medio no que se realiza a proba e manter limpo a contorna da mesma. Para tal fin débese comer e beber **sen deixar ningún envase fora dos recipientes habilitados.**

⊕ AVITUALLAMENTO Ó FINAL DAS PROBAS E SERVIZO DE DUCHAS

Ó fin de cada proba proporcionarase ás deportistas unha bolsa con bebida, froita...

Ó carón da saída e chegada haberá servizo de duchas no Pavillón Municipal do Concello de Trazo.

⊕ PREMIOS

Recibirán medallas os tres primeiros e as tres primeiras clasificadas de cada carreira por categorías. Na carreira de sub6 e sub8 levarán medalla tod@s@s participantes.

A entrega dos premios levarase a cabo ó fin de todas as probas.

⊕ SEGURO DE ACCIDENTES E RESPONSABILIDADE CIVIL

Tod@s @s participantes inscrit@s estarán amparados por unha póliza de seguro de accidentes (licencia ou licencia de día) e responsabilidade civil concertada polo concello de Trazo. Estarán excluídos os derivados dun padecemento latente, imprudencia, negligencia, inobservancia das leis,... Tamén quedarán excluídos os producidos por desprazamentos a ou dende o lugar no que se desenvolve a proba.

Todo o non recollido no presente Regulamento rexerese polas normas da FGA, RFEA e IAAF.

ASISTENCIA MÉDICA E SEGUROS: A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta desde unha hora antes do comezo das probas e ata media hora despois da finalización. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licencia de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.